

**PROGRAMACIÓN
DEPARTAMENTO DE RELIXIÓN CATÓLICA**

**CURSO 2022/2023
IES. FERNANDO ESQUÍO**

ÍNDICE

1. Introducción.
2. Adaptación aos protocolos covid-19.
3. Contribución da materia ao logro das competencias clave.
4. ESO.
 - a. Obxectivos:
 - Xerais
 - 2ºESO.
 - 4ºESO.
 - b. Contidos:
 - 2ºESO.
 - 4ºESO.
 - c. Temporalización dos contidos.
 - d. Relación dos estándares de aprendizaxe e competencias básicas.
 - 2ºESO.
 - 4ºESO.
 - e. Criterios de avaliación.
 - f. Mínimos esixibles.
5. 2º Bacharelato
 - a. Obxectivos.
 - b. Contidos.
 - c. Criterios de avaliación.
 - d. Contidos mínimos.
 - e. Temporalización dos contidos.
 - f. Relación dos estándares de aprendizaxe e competencias básicas.
6. Metodoloxía didáctica.
7. Procedementos e instrumentos de avaliación.
8. Criterios sobre a cualificación e a promoción do alumnado.
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.
10. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.
11. Acción de contribución ao proxecto lector.
12. Tratamento do fomento das TIC.
13. Actividades de reforzo e recuperación de pendentes.

14. Materiais e recursos didácticos.
15. Programación de temas transversais.
16. Medidas de atención á diversidade.
17. Actividades extraescolares e complementarias.
18. Acción de contribución ao plan de convivencia.

INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para Mellora da Calidade Educativa, LOMCE, no artigo 6.1, define o currículo como a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada un dos ensinos.

O contido do currículo de Relixión Católica parte da experiencia humana e desenvólvese de xeito respectuoso coas etapas do desenvolvemento infantil e adolescente, colaborando, neste sentido, coas aprendizaxes instrumentais e transversais propios de cada etapa educativa.

A Lei Orgánica de Educación, 2/2006 de 3 de maio, ten en conta na Disposición Adicional Segunda o dereito dos pais á formación relixiosa e moral dos seus fillos, segundo as súas conviccións, establecendo que a ensinanza da relixión incluírase como área ou materia nos niveles educativos que corresponda. Os Decretos de Ensinanzas Mínimas desenvolven dita Disposición Adicional 2ª en canto a súa presenza curricular e condicións académicas aplicando a exclusiva competencia da Xerarquía eclesiástica para determinar o currículo propio da ensinanza relixiosa católica no noso caso.

Neste marco, a ensinanza da relixión e moral católica preséntase como opción libre para os alumnos e obrigatoria para os centros.

A ensinanza relixiosa contribúe á calidade da educación dende a proposta e desenvolvemento duns coñecementos, valores e actitudes que conforman o seu propio currículo. Faino desenvolvendo especialmente a capacidade transcendente do alumno, facilitándolle unha proposta de sentido último para a súa vida e iluminando o fundamento de aqueles valores comúns que fan posible unha convivencia libre, pacífica e solidaria.

Non podería existir unha formación integral e, por tanto, unha educación de calidade, se non se desenvolvesen tódalas capacidades inherentes ó ser humano, entre as cales encóntrase constitutivamente a capacidade transcendente. Esta capacidade básica do individuo, adquire o seu auténtico cumprimento na búsqueda do sentido último da vida. Enraizada no máis profundo do ser, o alumno vai descubrindo tendo en conta os niveis de aprendizaxe propios de cada idade nos símbolos e signos do seu entorno, no progreso e humanización do propio ser humano, na linguaxe narrativa da Biblia, nos modelos cristiáns de identificación e, particularmente, na persoa de Xesucristo e a súa presenza na comunidade cristiá.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

O Decreto 86/2015 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria na Comunidade Autónoma de Galicia, expón as seguintes competencias clave:

1ª) Comunicación lingüística (CCL)

2ª) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

3ª) Competencia dixital (CD)

4ª) Aprender a aprender (CAA)

5ª) Competencias sociais e cívicas (CSC)

6ª) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

7ª) Conciencia e expresións culturais (CCEC)

· Competencia en comunicación lingüística. Propón a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita e como instrumento de aprendizaxe. As propostas de traballo, actividades e recursos fomentan a escoita e a conversación, a comprensión e comunicación.

· Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. O ensino relixioso tamén contribúe á competencia matemática ó axudar a que o alumno relacione datos da Biblia coa historia, contabilice expresións de cifras e use estatísticas para a descrición e a análise da realidade social.

· Competencia dixital. Promove que os alumnos saiban buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. Saber acceder á información utilizando técnicas e estratexias diversas e dominar o uso das ferramentas das TIC como apoio de traballo.

· Competencia de aprender a aprender. Facilita ferramentas para que sexan capaces de autoxestionar a aprendizaxe e continua de maneira autónoma; saiban desenvolverse ante as incertezas, admitir diversidade de respostas posibles ante un mesmo problema, saber como se aprende e como se xestionan os procesos de aprendizaxe.

· Competencia social e cívica. Promove que os alumnos e alumnas coñezan a realidade social, o pasado histórico, saiban vivir en sociedade e exercer a cidadanía democrática. Ademais, a súa ensinanza contribúe á adquisición de habilidades sociais: poñerse en lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas, a historia persoal e colectiva dos outros; saber convivir e facelo de forma comprometida cos valores universalmente aceptados. Competencia sobre iniciativa e espírito emprendedor.

Axuda a que os alumnos saiban optar con criterio propio, saiban levar adiante as iniciativas necesarias para desenvolver e facerse responsables das propias opcións e adquiren a capacidade necesaria para enfrontarse ós problemas. Ademais, a materia de Relixión Católica busca que os alumnos adquiren valores como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade de un mesmo.

· Conciencia e expresións culturais. Promove que os alumnos saiban apreciar, comprender e valorar críticamente diferentes manifestacións culturais e artísticas; utilicen a cultura e a arte como fonte de gozo e enriquecemento persoal e aprecien a expresión de ideas, experiencias ou sentimentos de forma creativa.

ESO.

OBXECTIVOS

A área de Relixión e Moral Católica se fundamenta nas esixencias que conleva desenvolver, na escola, a educación integral e a aplicación duns dereitos expresados na **Declaración Universal de Dereitos Humanos** (1948, art. 26.3); a **Constitución española** (1978, art. 27.3); o **Pacto Internacional de Dereitos Humanos, Económicos, Sociais e Culturais** (1966, art. 13.3); a **Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea** (2000, art. 10 e 14.3), etc. Ademais, está garantida polo acordo suscrito entre o Estado español e a Santa Sé sobre Ensino e Asuntos Culturais (3-1-1979).

A práctica destes dereitos conleva un ensino relixioso escolar e confesional. Este ensino concrétese no, unha área de **Relixión e Moral Católica materia específica e rigorosamente escolar**, ordinaria para quen a soliciten, equiparable ao resto das materias no rigor científico, na formulación dos seus obxectivos e contidos, e na súa significación educativa dentro do currículo. Así mesmo, contribúe á formación integral do alumnado e ao pleno desenvolvemento da persoa en todas as súas capacidades.

A área de Relixión Católica **é unha materia opcional curricular de carácter confesional**. A súa identidade resúmese nas súas «Finalidades Educativas» ou «Obxectivos Xerais». Estes deben ser a meta e a directriz no seu deseño e o seu desenvolvemento curricular (realización da programación xeral de curso, de cada unidade didáctica, etc.). As seguintes Finalidades educativas da Educación Secundaria», sinalan as metas finais a que deben conducir todo curso e unidade didáctica de Relixión Católica.

OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA.

1. Educar a dimensión trascendente e relixiosa, e iso partindo da experiencia humana e «dende» e «para» a vida persoal, social, relixiosa e medioambiental.

2. Favorecer a maduración e o desenvolvemento integral da personalidade do alumnado desde unha educación humanista, relixiosa e católica de calidade.
3. Facilitar a elaboración do proxecto persoal de vida desde unha educación en valores e virtudes humanas, morais, cívicas, democráticas, relixiosas e cristiás.
4. Presentar a visión cristiá da persoa e a historia desde a realidade cotiá, desde o respecto e en diálogo coas principais relixións, antropoloxías e cosmovisións de hoxe.
5. Ofrecer a cultura relixiosa e a mensaxe cristiá-católico en diálogo cos testemuños de persoas exemplares e os problemas e interrogantes do mundo actual.
6. Educar a dimensión cívica e moral desde a aplicación de testemuños exemplares, valores, virtudes e compromisos para resolver problemas humanos e sociais.
7. Desenvolver un ensino aprendizaxe da relixión que promove a apertura ao Misterio, ao sentido relixioso da vida, á experiencia relixiosa e á educación na fe.
8. Promover as competencias necesarias para dar un sentido pleno á vida e elaborar respostas de sentido último ante as dificultades máis existenciais e cotiás.
9. Educar na participación social e a práctica de compromisos solidarios que melloren o medio ambiente, as relacións interpersonais e a vida pública.
10. Valorar a intelixencia espiritual para fortalecer o mundo interior do alumnado e a súa capacidade de autocoñecemento, aceptación, meditación, relaxación, paz interior.
11. Favorecer o diálogo e a crítica construtiva entre as mensaxes relixiosas e cristiás e a actual cultura audiovisual, especialmente a da televisión e as TIC.
12. Desenvolver a dimensión humanista e cívica do alumnado desde a ética universal dos dereitos humanos e a doutrina social da Igrexa católica.
13. Educar a intelixencia emocional para elixir e fortalecer os mellores sentimentos, e así ser máis feliz cun mesmo, con Deus, cos demais e coa natureza.
14. Coñecer a Relixión e Moral Católica desde as TIC, a investigación, a aprendizaxe cooperativo e a participación en equipos de traballo.
15. Ofrecer un ensino integral da Biblia, promovendo a cultura bíblica e a aplicación dos seus ensinamentos para ser máis feliz na vida persoal e social.

OBXECTIVOS XERAIS DO ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA PARA 2º ESO:

1. Investigar e valorar desde as competencias clave a relación que existe entre o ser humano, Deus e a relixión na historia e a vida cotiá.
2. Coñecer e interpretar correctamente as características da dignidade humana en relación coa achega da vida cristiá e a súa promoción na sociedade actual.
3. Tomar conciencia da importancia da acción humana e a moral católica para aplicala en grupo a solucionar problemas persoais e sociais.
4. Comprender e fundamentar correctamente a relación existente entre a revelación de Deus cos medios para relacionarse con El.
5. Describir a relación existente entre a revelación de Deus e a fe cristiá e argumentar as achegas positivas que leva consigo para a felicidade da persoa e a sociedade.
6. Coñecer e aplicar as claves necesarias para a interpretación correcta da Biblia e as súas mensaxes de felicidade, liberación e salvación.
7. Expresar e explicar as principais características do Deus cristián en relación coa fe cristiá e a comunicación humana.
8. Identificar e valorar as características, achegas actuais e relacións existentes entre a fe cristiá, o Credo e a fe na vida eterna.
9. Coñecer desde as competencias clave e tomar conciencia das características da Igrexa católica e as achegas relixiosas, solidarias, culturais e artísticas que realiza á humanidade.
10. Desenvolver a intelixencia espiritual por medio das competencias clave, a reflexión e interiorización das experiencias de autocoñecemento, sentido á vida, lecturas profundas e relixiosas, o silencio, a meditación e compartir en grupo as vivencias espirituais.
11. Promover a intelixencia emocional por medio do coñecemento e vivencia dos sentimentos de espiritualidade, dignidade humana, empatía, escoitar, comunicación, recolleemento e sociabilidade.
12. Tomar conciencia da importancia de desenvolver unha xerarquía de valores e de practicar os valores das dimensións humanas e do proxecto de vida, a liberdade, a fe cristiá, a amizade, a identidade persoal, cambiar e a solidariedade.

OBXECTIVOS XERAIS DO ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA PARA 4º ESO:

1. Identificar e comparar criticamente desde as competencias clave as características das relixións universais na historia e a vida cotiá.

2. Coñecer e valorar correctamente as características e achegas da experiencia relixiosa e a revelación de Deus á persoa e á sociedade actual.
3. Investigar e aplicar as ensinanzas e a relación entre Deus e a historia da Igrexa desde a Idade Moderna ata a Idade Contemporánea.
4. Fundamentar correctamente a relación existente entre Xesucristo, o Mesías, e a moral católica da vida pública no mundo contemporáneo.
5. Coñecer e valorar positivamente a relación existente entre Xesucristo, a Igrexa e a súa misión salvadora e humanizadora de felicidade para a persoa e a sociedade.
6. Comprender e aplicar as características do sacramento do Matrimonio en relación coa Igrexa, a vida persoal e a sociedade actual.
7. Expresar e explicar as características, achegas actuais, aplicacións e relacións existentes entre a fe cristiá e a moral cristiá da sexualidade.
8. Identificar e aplicar a situacións actuais as características da autoridade e a verdade na Biblia e na Igrexa.
9. Coñecer desde as competencias clave as achegas dos cristiáns para construír a civilización do amor no mundo actual, e tomar conciencia delas.
10. Desenvolver a intelixencia espiritual por medio das competencias clave, a reflexión e interiorización de experiencias para o desenvolvemento da paz, a actitude relixiosa, o agradecemento, a práctica da fe cristiá, a comunicación con Xesús, a poesía amorosa, a afectividade, a verdade e a espiritualidade ecolóxica.
11. Promover a intelixencia emocional por medio do coñecemento e a vivencia dos sentimentos de busca de sentido, éxtase relixiosa, aproveitamento do tempo, entrega persoal, namoramento, sinceridade, eternidade e salvar o matrimonio.
12. Tomar conciencia da importancia de interiorizar e practicar os valores do diálogo, fidelidade, compromiso social, crítica moral, coherencia persoal e cristiá, amor, verdade, seguir un bo mestre e cambiar o

CONTIDOS 2º ESO.

1. UNIDADE

- Experiencias e criterios para saber como descubrir e encontrar a Deus.
- Conceptos: cristián evanxélico, idolatría, laicismo...
- Camiños persoais e cristiáns para coñecer e encontrarse con Deus.
- Competencias para interpretar correctamente os contidos e aplicalos a descubrir e atoparse con Deus na vida persoal, social, eclesiástica e cultural.

2. UNIDADE

- Experiencias humanas e transcendentales que conforman a experiencia relixiosa.
- Conceptos de mística, experiencia humana, transcendencia, franciscanos e franciscanos segrares, Misterio e actitude relixiosa.
- Características da relixión, a experiencia relixiosa e a experiencia cristiá.
- Competencias para interpretar correctamente a experiencia relixiosa e cristiá e aplicar as súas ensinanzas a mellorar a vida interior e as relacións de amizade.

3. UNIDADE

- Experiencias e criterios para coñecer a vida de Buda e aplicar as súas ensinanzas a mellorar a vida persoal e social.
- Características de hinduísmo, budismo, xudaísmo, cristianismo e islamismo.
- Competencias para coñecer, valorar e comparar correctamente as principais relixións actuais.

4. UNIDADE

- Comportamentos e compromisos relacionados coa ensinanza e coa práctica das revelacións da Biblia.
- Conceptos de Sagrada Escritura, revelación de Deus, apostolado bíblico, Salmos, novas tecnoloxías da comunicación e Moisés.
- Características da Biblia e criterios católicos para interpretala correctamente.
- Competencias necesarias para interpretar correctamente e investigar coa Biblia e aplicar as súas ensinanzas na actual sociedade da comunicación.

5. UNIDADE

- Experiencias e criterios para interpretar de forma completa e cristiá a Saba Santa de Torino.
- Conceptos de reliquia, síndone, fe cristiá, encarnación, redención, resurrección, sacrificio e Credo.
- Verdades da fe cristiá sobre Xesús Cristo e a presenza de María no Misterio de Xesús Cristo.
- Competencias para interpretar e aplicar á vida persoal e social as verdades da fe cristiá sobre Xesús Cristo.

6. UNIDADE

- Experiencias e testemuños de cristiáns que viven o seu bautismo desde a conversión e o compromiso social e eclesiástico.
- Conceptos de liturxia, sacramento, conversión, fe cristiá, grazas, pecado, pecado orixinal e calendario litúrxico.
- Características da liturxia e sacramentos católicos, e especialmente do sacramento do Bautismo.
- O relato bíblico «O bautismo de Xesús».
- Competencias para interpretar e aplicarlle á vida diaria os compromisos e significados que leva consigo celebrar o sacramento do Bautismo.

7. UNIDADE

- Experiencias e testemuños da importancia da Eucaristía na vida de actores católicos e santos como o Padre Pío.
- Conceptos de Eucaristía, misa, oración de intercesión, consagración, triduo pascual e Cea Pascual.
- Características da Eucaristía e a súa importancia na vida da Igrexa e dos católicos.
- O relato bíblico «A Cea Pascual».
- Competencias para aplicar o investigado e aprendido sobre o sacramento da Eucaristía para mellorar a relación con Deus, coa Igrexa e coa sociedade.

8. UNIDADE

- Experiencias e criterios para diferenciar e saber perdoar de forma humana e cristiá.
- Conceptos de males morais, aspersion, viático, perdón, liberdade relixiosa e culto cristián.
- Características dos sacramentos do Perdón e da Unción.
- Competencias para saber cambiar as actitudes necesarias para perdoar e mellorar a saúde física e mental.

9. UNIDADE

- Experiencias e testemuños actuais de oración.
- Conceptos de oración, Dez Mandamentos, Sinal da cruz, monxa contemplativa, Clarisas e abadesa.
- Características da moral cristiá das relacións con Deus.
- O relato bíblico «Xesús ensina a rezarlle a Deus Pai».
- Competencias para autoavaliarse e aplicar a moral cristiá das relacións con Deus a mellorar a vida interior e o diálogo con Deus.

10. UNIDADE

- Experiencias e comportamentos morais e inmorais que se producen no mundo actual.
- Conceptos de ben común, ética e moral universal, enfermidade moral, Acción Católica, Doutrina Social da Igrexa e Asociación Católica de Propagandistas.
- Características da moral católica da vida pública.
- Competencias para aplicar correctamente o aprendido para participar de forma moral e cristiá na vida pública.

11. UNIDADE

- Experiencias e comportamentos morais e inmorais na utilización dos actuais medios de comunicación social.
- Conceptos de medios de comunicación social, verdade, mentira, telelixo, crítica moral e construtiva, opinión, información e formación persoal.
- Características da moral católica dos medios de comunicación social.
- Competencias para utilizar de forma crítica, construtiva, moral e cristiá os medios de comunicación actuais.

12. UNIDADE

- Experiencias e comportamentos cristiáns para desenvolver a civilización do amor entre as persoas máis desfavorecidas.
- Conceptos de virtudes teoloxais e cardinais, Reino de Deus, civilización do amor e humanidade de irmáns.

- Características da civilización do amor que constrúen os cristiáns por todo o mundo.
- O relato bíblico «O ceo novo e a terra nova».
- Competencias para concretar en compromisos realizables a civilización do amor que propón construír a Igrexa católica.

4º ESO.

1. UNIDADE

- Experiencias e criterios para interpretar de forma completa e cristiá a Biblia.
- Conceptos para interpretar xéneros literarios, Tradición da Igrexa, Maxisterio.
- Características da Biblia e criterios católicos para interpretala correctamente.
- O relato bíblico de «A historia de Xonás».
- Competencias para interpretar correctamente e investigar coa Biblia e aplicar as súas ensinanzas a mellorar a vida interior e as relacións de amizade.

2. UNIDADE

- Preguntas, comportamentos e ensinanzas actuais para encontrar a felicidade e a salvación.
- Conceptos de revelación, ermitaño, Historia da Salvación, revelación cristiá e Mesías.
- A Historia da Salvación, a Igrexa católica e a revelación cristiá.

3. UNIDADE

- Falsas e verdadeiras experiencias e interpretacións sobre o Deus cristián.
- Conceptos de conversión, antropomorfismo, analoxía, dogma, Santísima Trindade, Deus unipersoal, Deus tripersoal, pródigo, redención de Deus.
- Misterio e orixinalidade da Santísima Trindade e historia da formación do dogma cristián.
- O relato bíblico «A parábola do fillo pródigo».
- O Deus cristián na Biblia e en internet.

4. UNIDADE

- Conceptos de fe antropolóxica, fe cristiá, amor, credo, fonte documental, fontes históricas sobre Xesús de Nazaret e evanxeos canónicos.
- Características da fe antropolóxica e da fe cristiá.
- As fontes históricas sobre Xesús de Nazaret e os evanxeos canónicos.

5. UNIDADE

- Investigacións actuais, interrogantes e respostas sobre o fenómeno da supervivencia da persoa despois da morte.
- Conceptos de escatoloxía, resurrección, xuízo particular, ceo, purgatorio, inferno, xuízo final, esperanza e vida eterna.
- Características e verdades de fe da escatoloxía cristiá.
- O relato bíblico «O xuízo final e definitivo».
- Claves de interpretación católica da terminoloxía sobre a escatoloxía cristiá.

6. UNIDADE

- Feitos e testemuñas relacionados coa triple misión da Igrexa.

- Conceptos de misión de ensinar, santificar e gobernar, carisma, ministerio, xerarquía da Igrexa, laicos, encíclica, Papa, bispo, sacerdote, diácono, sínodo particular, concilio e comunidade de bens.
- A organización da Igrexa católica e súa misión nos séculos I-III.
- O relato bíblico de «A primeira comunidade cristiá».
- A arte paleocristiá dos séculos I-III.

7. UNIDADE

- Vida e pensamentos do pai Jony, un cura rockero.
- Conceptos de espírito, espírito persoal, vocación cristiá, carácter indeleble, sacramento da Confirmación, sacramento da Orde, diácono, episcopado, presbítero, ministro, imposición das mans e Pentecostés.
- Características dos sacramentos da Confirmación e a Orde.
- O relato bíblico de «O día de Pentecostés».
- Características Xerais da vocación cristiá.

8. UNIDADE

- Feitos e comportamentos inmorais e morais relacionados cos grandes problemas morais do mundo actual.
- Conceptos de laicismo, conciencia moral, moral, comportamento moral, comportamento inmoral, virtudes, moral cidadá, moral cristiá, moral católica, principio ético e ética universal.
- Características da ética universal, a moral cristiá e a moral católica.
- O relato bíblico «Xesús de Nazaret e a muller pecadora».
- Textos de moral do Maxisterio católico.

9. UNIDADE

- Feitos e comportamentos actuais a favor e en contra da vida humana.
- Conceptos de cultura da vida, cultura da morte, aborto, bioética, subxetivismo moral, Caín e Abel, fratricidio e Dez Mandamentos.
- Características, fundamentos, principios éticos e comportamentos morais da moral católica da vida humana.

10. UNIDADE

- Feitos, comportamentos e ensinanzas relacionadas co bon e mal uso do consumo.
- Conceptos de consumismo, pecado, sete pecados capitais, envidia, avaricia, xenerosidade e anuncio publicitario.
- Características, principios éticos e comportamentos morais da moral católica do consumo.
- Valores cristiáns e publicidade enganosa.

11. UNIDADE

- Características do sentido último da vida humana.
- Características do sentido á vida según as relixións monoteístas.

12. UNIDADE

- Conceptos de catacumbas, patrimonio cultural e artístico, arte occidental, arte oriental, arte chino, arte africano, arte islámico, caligrafía, sinagoga e templo de Xerusalén.
- Aportacións das grandes relixións, especialmente do cristianismo, ó patrimonio artístico e cultural da humani

TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN PARA 2º ESO

O seguinte cadro esquematiza a distribución temporal das Unidades Didácticas na materia de Relixión para 2º da ESO:

RELIXIÓN CATÓLICA – 2º ESO			
	BLOQUES	UNIDADES DIDÁCTICAS	Nº SESIÓN S
1ª A V A L I A C I Ó N	I O sentido relixioso do home.	UNIDADE 1: DEUS, PERSOA E RELIXIÓN	5
		UNIDADE 2: DIGNIDADE E VIDA CRISTIÁ	5
	II A revelación: Deus intervén na historia.	UNIDADE 3: ACCIÓN HUMANA E MORAL CATÓLICA	4
2ª A V A L I A C I Ó N	III Xesucristo , cumprime nto da historia da Salvación.	UNIDADE 4: REVELACIÓN E RELACIÓN CON DEUS	4
		UNIDADE 5: REVELACIÓN E FE CRISTIÁ	4
		UNIDADE 6: COMO INTERPRETAR A BIBLIA?	3
3ª A V A L I A C I Ó N	IV Permanen cia de Xesucristo na historia: a Igrexa.	UNIDADE 7: O DEUS CRISTIÁN	4
		UNIDADE 8: FE, CREDO E VIDA ETERNA	4
		UNIDADE 9: A IGREXA CATÓLICA	3

TEMPORALIZACIÓN E SECUENCIACIÓN PARA 4º ESO

O seguinte cadro esquematiza a distribución temporal das Unidades Didácticas na materia de Relixión para 4º da ESO:

RELIXIÓN CATÓLICA – 4º ESO			
	BLOQUES	UNIDADES DIDÁCTICAS	Nº SESIÓNS
1ª A V A L I A C I Ó N	I O sentido relixioso do home.	UNIDADE 1: RELIXIÓNS UNIVERSAIS	5
		UNIDADE 2: EXPERIENCIA RELIXIOSA E REVELACIÓN DE DEUS	5
	II A revelación: Deus intervéñ na historia.	UNIDADE 3: DEUS, HISTORIA E IGREXA	4
2ª A V A L I A C I Ó N	III Xesucristo, cumprimento da historia da Salvación.	UNIDADE 4: O MESÍAS E A MORAL DA VIDA PÚBLICA	4
		UNIDADE 5: XESUCRISTO, IGREXA E MISIÓN	4
		UNIDADE 6: XESUCRISTO, SACRAMENTOS E MATRIMONIO	3
3ª A V A L I A C I Ó N	IV Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa.	UNIDADE 7: IGREXA, MORAL E SEXUALIDADE	4
		UNIDADE 8: IGREXA, AUTORIDADE E VERDADE	4
		UNIDADE 9: OS CRISTIÁNS E A CIVILIZACIÓN DO AMOR	3

RELACIÓN DOS ESTÁNDARES E COMPETENCIAS 2º ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		C	COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
			CL	CMT	CD	AA	CSC	SIEE	CEE
RE1.1.1	1.1 Argumenta a dignidade do ser humano en relación aos outros seres vivos.	I	X			X	X		
RE1.2.1	2.1 Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano.	I	X				X	X	
RE1.3.1	3.1 Valora, en situacións do seu ámbito, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc.	B				X	X		X
RE1.4.1	4.1 Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación e os cambios para potenciar os dereitos humanos, a convivencia, o progreso e a paz.	B					X	X	X
RE1.4.2	4.2 Deseña en pequeno grupo un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan polo menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo.	I		X				X	
RE2.1.1	1.1 Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles.	B	X			X			X
RE2.2.1	2.1 Se interesa por coñecer e valora a resposta de fe o Deus que se revela.	B				X		X	X
RE2.3.1	3.1 Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sagrados mostrando interese pola súa orixe divina.	B	X						X
RE2.4.1	4.1 Lee, localiza e esquematiza os criterios recollidos na Dei Verbum en torno á interpretación da Biblia valorándoos como necesarios.	A	X					X	
RE2.5.1	5.1 Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos.	A	X			X	X		
RE2.5.2	5.2 Coñece e xustifica por escrito a existencia nos Libros Sagrados do autor divino e o autor humano.	I	X			X			
RE3.1.1	1.1 Coñece e describe as características do Deus cristián.	B	X						X

RE3.1.2	1.2 Lee relatos mitolóxicos, localiza trazos das divindades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián.	I	X		X	X			X
RE3.2.1	2.1 Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus.	I	X			X	X		X
RE3.3.1	3.1 Confecciona materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e os relaciona coas verdades de fe formuladas no Credo.	I			X			X	
RE3.4.1	4.1 Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado.	I	X			X			
RE4.1.1	1.1 Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características.	I	X	X	X	X			
RE4.1.2	1.2 Reconstrúe o itinerario das viaxes de San Paulo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán.	B	X	X	X	X		X	X
RE4.2.1	2.1 Describe e valora a raíz da unidade e santidade da Igrexa.	B	X			X			X
RE4.2.2	2.2 Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación, onde se reflicte a universalidade e apostolicidade da Igrexa.	I			X			X	X

COMPETENCIAS CLAVE: **CL:** Competencia lingüística. **CMCT:** Competencia matemática ciencia e tecnoloxía. **CD:** Competencia dixital **AA:** Aprender a aprender. **CSC:** Competencia social e cívica. **SIEE :** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. **CEC:** Conciencia e expresións culturais.

Código: **B=** Básico, necesario para aprobar. **I=** Intermedio, para nota correspondente a Notable. **A=** Avanzado, corresponde a Sobresaínte.

RELACIÓN DOS ESTÁNDARES E COMPETENCIAS 4º ESO

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		C	COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
			CL	CMT	CD	AA	CSC	SIEE	CEE
RE1.1.1	1.1 Identifica e clasifica os trazos principais (ensino, comportamento e culto) nas relixións monoteístas.	B	X		X	X			
RE1.1.2	1.2 Busca información e presenta ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido.	B	X			X			X
RE1.2.1	2.1 Razona por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa.	I	X			X			
RE1.2.2	2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.	I	X				X	X	X
RE2.1.1	1.1 Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que encontra na historia de Israel.	B				X			X
RE2.1.2	1.2 Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus.	B				X		X	
RE2.2.1	2.1 Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías sufridor e o Mesías político.	I	X						X
RE2.2.1	2.2 Esfórzase por comprender a novidade do Mesías sufridor como criterio de vida.	A				X	X		
RE3.1.1	1.1 Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús.	B	X			X			
RE3.2.1	2.1 Le de xeito comprensivo un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús.	B	X				X		
RE3.2.2	2.2 Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús.	B	X				X	X	

RE4.1.1	1.1 Elabora xuízos a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade.	I	X			X		X	X
RE4.1.2	1.2 Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen.	I				X	X	X	
RE4.1.3	1.3 É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefere a que recoñece como máis humana.	A				X	X		X
RE4.2.1	2.1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como recoñece nelas a verdade.	I	X			X	X		
RE4.2.2	2.2 Recoñece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño.	B				X	X		X
RE4.2.3	2.3 Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano.	B	X					X	X
RE4.3.1	3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais do seu ámbito que colaboran na construción da civilización do amor.	A		X			X	X	X

COMPETENCIAS CLAVE: **CL:** Competencia lingüística. **CMCT:** Competencia matemática ciencia e tecnoloxía. **CD:** Competencia dixital **AA:** Aprender a aprender. **CSC:** Competencia social e cívica. **SIEE :** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. **CEC:** Conciencia e expresións culturais.

Código: **B=** Básico, necesario para aprobar. **I=** Intermedio, para nota correspondente a Notable. **A=** Avanzado, corresponde a Sobresáinte.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

En canto ás técnicas van depender do estándar que se queira avaliar e agrupámolas en catro grandes bloques: observación na aula, producións escritas e dixitais, intervencións orais e probas específicas. Estes *instrumentos* constitúen o soporte físico que se emprega para recoller a información sobre as aprendizaxes esperadas dos alumnos correspondentes aos procedementos de avaliación subliñados anteriormente:

- **Observación sistemática.** Leva consigo a observación das actitudes manifestadas polo alumno e das súas respostas ás tarefas suxeridas a cotío no aula.

Comprobación de respecto aos compañeiros/as, á orde na clase, ao profesor/a, aos materiais propios e alleos. Valoración de se o alumno acepta ou non os roles asignados, axuda a organizar o grupo, coopera nas tarefas comúns. **OB**

- **Producións do alumno:** Expresión nun caderno de clase e/ou nun blog das actividades realizadas. Resolución de exercicios e prácticas realizadas na clase. Elaboración de resumos, monografía, informes. **PA**

- **Expresións orais:** Conversación co alumno para medir a súa implicación nos temas desenvolvidos na clase: valoración da súa creatividade e investigación persoal. Valoración no diálogo do seu grado de interese pola materia, do seu comportamento, da integración cando o traballo sexa en grupo. Participación positiva nas postas en común. Respecto ás quendas nos debates. **EO**

- **Probas específicas:** probas tipo test e cuestionarios. (A verdadeiro ou falso, a encher espazos en branco, a aparelar e de selección múltiple). Exposición de un tema. Interpretación de datos. **PE**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS

- Saber describir e analizar os elementos principais que caracterizan a toda relixión.
- Descubrir o específico do feito cristián e valoralo como resposta positiva ás preguntas fundamentais do ser humano...
- Comprender os feitos históricos e as razóns que suscitaron a separación dos cristiáns para percibir o estado actual do diálogo ecuménico, valorar os seus problemas e apreciar os pasos que se van dando hacia a unidade dos cristiáns.
- Saber resumir os rasgos esenciais de Igrexa, instituída por Xesús, para comprender a súa identidade, súa estrutura e o seu sentido da misión que desenvolve no mundo.
- Coñecer as principais etapas e lugares de expansión do cristianismo para valorar a acción evanxelizadora da Igrexa e a súa contribución a un mundo máis xusto e solidario.
- Coñecer os signos e símbolos máis característicos das relixións e valorar o seu significado no contexto cultural en que naceron e na actualidade.

- Obter unha visión de conxunto das grandes relixións da humanidade, identificar os seus rasgos característicos e apreciar as súas converxencias e diverxencias.
- Descubrir a riqueza humana e cultural que supón a variedade de relixións e valorar a súa aportación á cultura da humanidade e ó desenvolvemento dos pobos.
- Coñecer cal debe ser a postura dos católicos fronte a outras manifestacións relixiosas para suscitar actitudes de acollida, tolerancia e respecto.
- Precisar a mensaxe cristiá sobre a dignidade da persoa, en qué se fundamenta e cómo afecta ó sentido da vida, as opcións persoais e as relacións humanas.
- Identificar as posturas acerca de Deus que teñen diversos colectivos sociais na actualidade para clarificar as propias opcións e asumir actitudes de respecto e tolerancia hacia outras opcións diferentes.
- Facer unha síntese coherente dos contidos fundamentais da moral cristiá para elaborar e aplicar unha xerarquía de valores.

2º ESO

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
Bloque 1. O sentido relixioso do home 1ª AVALIACIÓN		
A persoa humana, criatura de Deus libre e intelixente. O fundamento da dignidade da persoa. O ser humano colaborador da creación de Deus.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Establecer diferenzas entre o ser humano creado a imaxe de Deus e os animais. 2. Relaciona a condición de criatura coa orixe divina. 3. Explicar a orixe da dignidade do ser humano como criatura de Deus. 4. Entender o sentido e a finalidade da acción humana.. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1 Argumenta a dignidade do ser humano en relación aos outros seres vivos. 2.1 Distingue e debate de forma xustificada e respectuosa a orixe do ser humano. 3.1 Valora, en situacións da súa contorna, a dignidade de todo ser humano con independencia das capacidades físicas, cognitivas, intelectuais, sociais, etc. 4.1 Clasifica accións do ser humano que respectan ou destrúen a creación. 4.2 Deseña en pequeno grupo un plan de colaboración co seu centro educativo no que se inclúan polo menos cinco necesidades e as posibles solucións que o propio grupo levaría a cabo.
Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia - 1ª AVALIACIÓN		
A aceptación da revelación: A fe. Orixes, composición e interpretación dos Libros Sacros.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer e aceptar que Deus se revela na historia. 2. Comprender e valorar que a fe é a resposta á iniciativa salvífica de Deus. 3. Coñecer e definir a estrutura e organización da Biblia. 4. Coñecer e respectar os criterios do maxisterio da Igrexa ao redor da interpretación bíblica. 5. Recoñecer na inspiración a orixe da sacralidade do texto bíblico. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1 Busca e elixe personaxes significativos do pobo de Israel e identifica e analiza a resposta de fe neles. 2.1 Interésase por coñecer e valora a resposta de fe ao Deus que se revela. 3.1 Identifica, clasifica e compara as características fundamentais dos Libros Sacros mostrando interese pola súa orixe divina. 4.1 Le, localiza e esquematiza os criterios recolleitos na Dei Verbum ao redor da interpretación da Biblia valorándoos como necesarios. 5.1 Distingue e sinala en textos bíblicos a presenza dun Deus que se comunica, xustificando no grupo a selección dos textos. 5.2 Coñece e xustifica por escrito a existencia nos Libros Sacros do autor divino e o autor humano.
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación - 2ª AVALIACIÓN		
Deus revélase en Xesucristo. Divos un e trino. O Credo, síntese da acción salvífica de Deus na historia.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Mostrar interese por recoñecer o carácter relacional da Divindade na revelación de Xesús. 2. Vincular o sentido comunitario da Trindade coa dimensión relacional humana. 3. Descubrir o carácter histórico da formulación de Credo cristián. 4. Recoñecer as verdades da fe cristina presentes no Credo. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1 Coñece e describe as características do Deus cristián. 1.2 Le relatos mitolóxicos, localiza trazos das divindades das relixións politeístas e contrástaos coas características do Deus cristián. 2.1 Recoñece, describe e acepta que a persoa humana necesita do outro para alcanzar a súa identidade a semellanza de Deus. 3.1 Confeccionar materiais onde se expresan os momentos relevantes da historia salvífica e relaciónaos coas verdades de fe formuladas no Credo. 4.1 Clasifica as verdades de fe contidas no Credo e explica o seu significado.
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa - 3ª AVALIACIÓN		
Expansión da igrexa, as primeiras comunidades. As notas da igrexa.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comprender a expansión do cristianismo a través das primeiras comunidades cristiás. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1 Localiza no mapa os lugares de orixe das primeiras comunidades cristiás e describe as súas características.

	2. Xustificar que a Igrexa é unha, santa, católica e apostólica.	1.2 Reconstrúe o itinerario das viaxes de San Pablo e explica coas súas palabras a difusión do cristianismo no mundo pagán. 2.1 Describe e valora a raíz da unidade e santidad da Igrexa. 2.2 Elabora materiais, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación, onde se reflicte a universalidade e apostolicidad da Igrexa.
--	--	--

4º ESO

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
Bloque 1. O sentido relixioso do home - 1ª AVALIACIÓN		
As relixións: procura do sentido da vida. Plenitude na experiencia relixiosa: a revelación de Deus na historia.	1. Aprender e memorizar os principais trazos comúns das relixións. 2. Comparar e distinguir a intervención de Deus na historia dos intentos humanos de resposta á procura de sentido.	1.1 Identifica e clasifica os trazos principais (ensino, comportamento e culto) nas relixións monoteístas. 1.2 Busca información e presenta ao grupo as respostas das distintas relixións ás preguntas de sentido. 2.1 Razona por que a revelación é a plenitude da experiencia relixiosa. 2.2 Analiza e debate as principais diferenzas entre a revelación de Deus e as relixións.
Bloque 2. A revelación: Deus intervén na historia - 1ª AVALIACIÓN		
A fidelidade de Deus á alianza co ser humano. A figura mesiánica do Servo de Yhwh.	1. Recoñecer e valorar as accións de Deus fiel ao longo da historia. 2. Comparar e apreciar a novidade entre o Mesías sufrinte e o Mesías político.	1.1 Identifica e aprecia a fidelidade permanente de Deus que atopa na historia de Israel. 1.2 Toma conciencia e agradece os momentos da súa historia nos que recoñece a fidelidade de Deus. 2.1 Identifica, clasifica e compara os trazos do Mesías sufrinte e o Mesías político. 2.2 Esfórzase por comprender a novidade do Mesías sufrinte como criterio de vida.
Bloque 3. Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación - 2ª AVALIACIÓN		
A chamada de Xesús a colaborar con El xera unha comunidade.	1. Descubrir a iniciativa de Cristo para formar unha comunidade que orixina a Igrexa. 2. Coñecer e apreciar a invitación de Xesús a colaborar na súa misión.	1.1 Localiza, selecciona e argumenta en textos evanxélicos a chamada de Xesús. 2.1 Le de maneira comprensiva un evanxeo, identifica e describe a misión salvífica de Xesús. 2.2 Busca e identifica persoas que actualizan hoxe a misión de Xesús e expón en grupo por que continúan a misión de Xesús.
Bloque 4. Permanencia de Xesucristo na historia: a Igrexa - 3ª AVALIACIÓN		

<p>A pertenza a Cristo na Igrexa ilumina todas as dimensións do ser humano. A autoridade eclesial ao servizo da verdade.</p> <p>A misión do cristián no mundo: construír a civilización do amor.</p>	<ol style="list-style-type: none"> 1. Descubrir e valorar que Cristo xera unha forma nova de usar a razón e a liberdade, e de expresar a afectividade da persoa. 2. Distinguir que a autoridade está ao servizo da verdade. 3. Relacionar a misión do cristián coa construción do mundo. 	<ol style="list-style-type: none"> 1.1 Elaborar xuízos a partir de testemuños que exemplifiquen unha forma nova de usar a razón e a liberdade e de expresar a afectividade. 1.2 Adquire o hábito de reflexionar buscando o ben ante as eleccións que se lle ofrecen. 1.3 É consciente das diferentes formas de vivir a afectividade e prefere a que recoñece como máis humana. 2.1 Identifica persoas que son autoridade na súa vida e explica como recoñece nelas a verdade. 2.2 Recoñece e valora na Igrexa distintas figuras que son autoridade, polo servizo ou polo testemuño. 2.3 Localiza e xustifica tres acontecementos da historia nos que a Igrexa defendeu a verdade do ser humano. 3.1 Investiga e debate sobre as iniciativas eclesiais da súa contorna que colaboran na construción da civilización do amor.
--	---	--

MÍNIMOS ESIXIBLES

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

CONTIDOS MÍNIMOS PARA 2º ESO

- Deus, persoa e relixión.
- Vida cristiá e dignidade da persoa.
- Acción humana e moral católica.
- Revelación e relación con Deus.
- A fe cristiá.
- A interpretación da Biblia.
- Deus un e trino.
- Fe, Credo e vida eterna.
- Identidade da Igrexa católica.

CONTIDOS MINIMOS PARA 4º ESO

- Relixións monoteistas.
- O diálogo con outras relixións
- A revelación de Deus
- Historia da Igrexa.
- Compromisos dos discípulos de Xesús.
- Sacramentos da Igrexa. Sacramento do Matrimonio
- Misión da Igrexa no mundo

2º BACHARELATO

OBXECTIVOS

No marco da LOMCE, o Bacharelato ten como finalidade proporcionar ao alumnado formación, madurez intelectual e humana, coñecementos e habilidades que lles permitan desenvolver funcións sociais e incorporarse á vida activa con responsabilidade e competencia. Así mesmo, capacitará ao alumnado para acceder á educación superior.

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

1. Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución Española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.
2. Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais
3. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas con discapacidade.
4. Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.

5. Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, no seu caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
6. Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
7. Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
8. Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellóraa da súa contorna social.
9. Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
10. Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente.
11. Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
12. Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
13. Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Relacionados con obxectivos especificamente relixiosos:

1. - Recoñecer a importancia e universalidade do feito relixioso nas diferentes culturas, especialmente a importancia e significación do feito relixioso cristiá e dos valores que presentan as diferentes tradicións culturais e relixiosas.
2. - Desenvolver unha síntese actualizada dos contidos esenciais da fe cristiá.
3. - Analizar o sentido da dignidade do ser humano, creado a imaxe e semellanza de Deus, súa transcendencia, o valor da vida e a súa concreción na vida das persoas.
4. - Profundizar na relación e mutua aportación da fe e da cultura.
5. - Iniciarse nos elementos básicos da doutrina social da Igrexa Católica, para analizar e interpretar a realidade socioeconómica e cultural do mundo.

6. · Valorar a dimensión ética da persoa á luz da mensaxe cristiá para participar activa e responsablemente na vida e na transformación social.
7. · Descubrir os valores do cristianismo e das distintas relixións contrastándoas cos valores dos humanismos do noso tempo.
8. · Adquirir unha actitude de respecto, valoración e diálogo coas persoas de diversa cultura, mentalidade e cosmovisión para reforzar o aprecio pola democracia, os dereitos humanos e a heteroxeneidade cultural e para lograr unha convivencia social en paz e concordia.
9. · Desenvolver o coñecemento, a sensibilidade e o gusto ante as manifestacións de arte relixioso que enriquecen o patrimonio universal.
- 10.· Descubrir o significado integral da actividade humana, como manifestación da propia dignidade, aplicando os criterios cristiáns á propia actividade laboral.

Tendo en conta que este curso 2º Bacharelato supón o salto dos alumnos á Universidade procurarase que os obxectivos de Relixión completen a formación xa adquirida en cursos anteriores constituíndo na práctica un repaso e síntese dos cursos anteriores.

CONTIDOS

- Dimensión relixiosa do home e as súas distintas expresións. As relixións na Constitución española.
- A expresión da experiencia de Deus nas distintas linguaxes de hoxe. Sentido da transcendencia.
- As grandes relixións monoteístas e o cristianismo na actualidade.
- Humanismos actuais de inspiración non cristiá. Laicismo. Novas formas de relixiosidade hoxe.
- Estudo comparado das distintas posturas ante Deus. A increencia e as súas formas. A fe ante o ateísmo, o agnosticismo e a indiferencia.
- O humanismo cristiá como resposta ó sentido da vida: grandes pensadores cristiáns.
- A aportación da fe ós plantexamentos que, no mundo actual, fan a ciencia e a técnica sobre a persoa humana. A liberdade e a responsabilidade.
- O sentido transcendente e o sentido cristiá nas artes plásticas. A arte como pedagogía da fe.

- O fenómeno relixioso e a súa presenza nos medios de comunicación social. A tolerancia, a liberdade e a pluralidade relixiosa.
- Xesucristo, Deus e home, polo seu ministerio pascual realiza o proxecto divino de salvación. O home novo, que nace do amor de Deus, coopera e intégrase no Reino de Deus.
- A plenitude da Salvación realizada e ofrecida por Xesucristo, e a vida eterna. Posicións actuais sobre o máis alá.
- A resposta do home á oferta salvadora de Deus. O seguimento de Xesucristo. A fe e o amor.
- O compromiso na vida cristiá. O voluntariado na Igrexa e noutras institucións.
- A Igrexa e a sociedade: os católicos na vida pública. Política e relixión. Liberdade relixiosa. Tolerancia e pluralismo. As relacións Igrexa – Estado.
- Principios e fundamentos da Doutrina Social da Igrexa. Encíclicas sociais. Aplicacións ó mundo do traballo. Dereitos e deberes.
- A fe cristiá e a ética. A conexión entre ética pública e ética privada. Cuestións morais de actualidade e resposta cristiá.
- O Reino de Deus, presente xa, chegará a súa plenitude. Fundamentación humana e evanxélica da construción da paz, e da civilización do amor.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Elaborar unha síntese actualizada dos contidos esenciais da fe cristiá.
- Razoar a resposta que as relixións e humanismos deron á cuestión sobre o home e o sentido da súa vida, e a resposta que da a fe católica.
- Detectar os valores e contravalores presentes na sociedade actual, describir as fontes fundamentais da moral cristiá e analizar as dificultades que plantea actualmente o obrar segundo o Evanxeo.
- Describir un acontecemento e/o un problema social relevante, obtendo información sobre él a partir dos medios de comunicación social, e valoralo á luz dos criterios morais cristiáns.
- Explicar o sentido relixioso de manifestacións artísticas e culturais.
- Amosar a presenza do Credo da Igrexa en manifestacións artísticas e culturais.
- Relacionar a situación do home actual e a súa cultura cunha visión cristiá do mundo.

- Aplicar ás relacións laborais os principios cristiáns que fundamentan a dignidade, a liberdade e os dereitos – deberes no mundo do traba

2º BACH.

Contidos	Critérios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
Bloque 1. Antropoloxía cristiá - 1ª AVALIACIÓN		
A identidade do ser humano. O mundo actual e a cuestión bioética.	1.1. Recoñecer e apreciar o carácter sexuado da persoa e a súa importancia para construír a súa identidade. 2. Comprender e respectar os principios fundamentais da Igrexa respecto da vida.	1.1 Comprende e respecta o significado bíblico da afirmación "home e muller creounos?". 2.1 Coñece e explica os diferentes problemas bioéticos relacionados coa orixe, o desenvolvemento e o final da vida 2.2 Posúe argumentos para defender ou dar razóns desde a posición cristiá ante situacións reais ou supostas que se propoñen en clase.
Bloque 2. Doutrina Social da Igrexa - 1ª AVALIACIÓN		
A persoa, a vida, o traballo, la s r e l a c i o n e s internacionais e a economía á luz da doutrina eclesial.	1. Recoñecer e apreciar o cambio que a doutrina social da Igrexa outorga á persoa e á vida. 2. Deducir as consecuencias que implica a doutrina social da Igrexa no traballo, as relacións internacionais e a economía.	1.1 Descubre, valora e xustifica o sentido humanizador que ten o traballo. 2.1 Propón proxectos ou solucións que poderían levar a cabo nas políticas nacionais ou internacionais para facer o mundo máis humano.
Bloque 3. Relación entre la razón, la ciencia y la fe - 2ª AVALIACIÓN		
Aportacións dos investigadores cristiáns á ciencia e á técnica no contexto actual.	1. Recoñecer o valor social das aportacións realizadas por investigadores cristiáns.	1.1 Selecciona, estuda e expón a biografía dun investigador cristián resaltando as súas achegas ao ámbito da ciencia e a técnica.
Bloque 4. A Igrexa xeradora de cultura ao longo da historia - 3ª AVALIACIÓN		
A acción evanxelizadora da Igrexa e a promoción dos dereitos humanos. A expresión da fe xera beleza a través da arte.	1. Recoñecer os esforzos que a Igrexa realizou ao longo dos séculos para que se respecte a dignidade do ser humano e os seus dereitos. 2. Comprender que algunhas creacións culturais son a expresión da fe.	1.1 Nomea e explica situacións históricas nas que a Igrexa defendeu con radicalidade ao home e xustifica a elección realizada. 2.1 Selecciona obras de arte, investiga sobre o autor e descobre o seu sentido relixioso. 2.2.Confecciona un material creativo que permita coñecer a eses artistas.

CONTIDOS MÍNIMOS

2º BACH.

- O mundo no que vivimos. Xustiza social. A convivencia. Doutrina Social da Igrexa.
- Identidade da persoa. A escala de valores e a felicidade. O proxecto de vida cristiá.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

2º BACH.

1ªAvaliación

- A situación da sociedade actual, especialmente no que se refire á xustiza social e á convivencia entre tódolos pobos.
- Doutrina Social da Igrexa: historia e natureza, raíces, fundamentos e principios.

2ª Avaliación

- Fundamentación humana e evanxélica da constución da paz, da conservación da natureza, a igualdade entre as persoas e os pobos.
- O compromiso cristiano.

3ªAvaliación

- As necesidades da persoa e o camiño da liberdade.
- A escala de valores e a felicidade.
- O proxecto de vida de Xesús. O proxecto de vida cristiá.

Relación de estándares e competencias 2º Bach.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE		C	COMPETENCIAS CLAVE ASOCIADAS						
			CL	CMT	CD	AA	CSC	SIEE	CEE
RE1.1.1	1.1. Comprende e respecta o significado bíblico da afirmación "home e muller creounos".	B	X				X		X
RE1.2.1	2.1. Coñece e explica os diferentes problemas bioéticos relacionados coa orixe, o desenvolvemento e o final da vida.	B	X	X				X	X
RE1.2.1	2.2. Posúe argumentos para defender ou dar razóns dende a posición cristiá ante situacións reais ou supostas que se propoñen en clase.	I	X				X		
RE2.1.1	1.1. Descubre, valora e xustifica o sentido humanizador que ten o traballo.	B	X				X		X
RE2.2.1	2.1. Propón proxectos ou solucións que poderían levarse a cabo nas políticas nacionais ou internacionais para facer o mundo máis humano.	B	X			X	X	X	
RE3.1.1	1.1. Selecciona, estuda e expón a biografía dun investigador cristián resaltando as súas achegas ao ámbito da ciencia e a técnica.	B	X	X		X	X		X
RE4.1.1	1.1. Nomea e explica situacións históricas nas que a Igrexa defendeu con radicalismo ao home e xustifica a elección realizada.	B	X				X		X
RE4.2.1	2.1. Selecciona obras de arte, investiga sobre o autor e descobre o seu sentido relixioso. Confecciona un material creativo que permita coñecer eses artistas.	I			X			X	X

COMPETENCIAS CLAVE: **CL:** Competencia lingüística. **CMCT:** Competencia matemática ciencia e tecnoloxía. **CD:** Competencia dixital **AA:** Aprender a aprender. **CSC:** Competencia social e cívica. **SIEE :** Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. **CEC:** Conciencia e expresións culturais.

Código: **B=** Básico, necesario para aprobar. **I=** Intermedio, para nota correspondente a Notable. **A=** Avanzado, corresponde a Sobresáinte.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA

Tódalas estratexias expositivas terán en conta os coñecementos previos do alumnado, a súa motivación, o seu interese, etc.

O protagonista da aprendizaxe é o alumno coa propia actividade, e a partir dos coñecementos que xa ten.

A metodoloxía será activa, pois só así o alumno pode adquirir un elenco de coñecementos propio.

Para facilitar a actividade dos alumnos e alumnas, alternarán varias técnicas de traballo que desenvolvan a capacidade intelectual. Trátase de técnicas que conducen:

- Á busca de información e o manexo das fontes e materiais de consulta.
- Á interpretación e elaboración de esquemas, cadros sinópticos...
- Á realización de fichas, expresións escritas, murais...
- Á realizar traballos grupais, postas en común, debates, etc.
- A adquirir unha visión global do contexto xeográfico, histórico e cultural nos que se desenvolven os acontecementos bíblicos.
- A localizar os feitos no tempo e no espacio.
- A coñecer diferentes expresións culturais e artísticas e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

A clase de Relixión está aberta a todos cantos a soliciten, crentes ou non. Iso supón que debe existir un clima que facilite a liberdade, o respecto e favoreza o debate.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Para avaliar o proceso de ensinanza e aprendizaxe tanto na programación como na realización valorarase:

- A asistencia ás clases
- Participación no traballo de aula
- Actividades de aula recollidas nun caderno ou debidamente organizados por temas nunha carpeta dixital ou nun archivador.
- Traballos monográficos individuais ou de grupo. Valorarase: Entregalos no prazo indicado, os contidos e a creatividade e o esforzo.
- Un exercicio de repaso por avaliación, que recolle contidos traballados na aula.

Unha actitude negativa reflexará unha avaliación negativa, por entender un desinterese cara ós contidos e ó dereito de formación dos seus compañeiros/as. aínda que os contidos da mesma estiveran superados.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Á hora de avaliar se terán en conta os seguintes criterios:

A ASISTENCIA E A ACTITUDE SERÁN OBRIGATORIAS TANTO NA ESO COMA NO BACHARELATO PARA PODER SUPERAR A MATERIA.

O curso estrutúrase en tres avaliacións que serán cualificadas cunha nota numérica enteira, a cualificación obtida será unha nota de 1 a 10, sendo a nota mínima para aprobar dun 5.

A nota do alumno calcularase segundo os parámetros seguintes:

1. TRABALLO PERSOAL DO ALUMNO/A

No aula o alumno traballa facendo fichas, tomando apuntamentos na súa libreta, lendo as leccións. Podrá haber algún traballo escrito. Supón ata un máximo do **10%** da nota.

2. PARTICIPACIÓN NO AULA

Preguntas e/ou respostas, aclaracións, suxerencias oportunas ó profesor e compañeiros. Supón outro máximo de **30%** na nota.

3. EXERCICIOS DE REPASO

Exercicios escritos que repasan os contidos estudados. Supón ata un **60%** da nota.

4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

O alumno ten que superar o 100% dos estándares básicos mínimos de aprendizaxe para aprobar a asignatura.

A nota final de Xuño será a media das tres avaliacións. Se algún alumno suspende máis dunha avaliación deberá facer unha proba escrita final global, podendo ser esta substituída pola entrega dun traballo segundo o acordado co profesor.

Para os alumnos que non promocionen en Xuño, haberá unha proba extraordinaria en Setembro á que se lle aplicarán os criterios mencionados anteriormente.

Aos alumnos infórmaselles na aula ao comezo do curso dos obxetivos da asignatura, a metodoloxía e os criterios de avaliación. E a programación está actualizada na páxina web do centro para posibles consultas.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

- MODELO PARA O PROFESORADO

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSONAL
Temporalización das Unidades Didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

- **MODELO PARA O DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE**

DESENVOLVEMENTO DA PRÁCTICA DOCENTE	1	2	3	4
▪ Informo os alumnos dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación				
▪ Informo as familias dos criterios, dos procedementos e dos instrumentos de avaliación.				
▪ Formulo situacións introdutorias previas o tema que vou tratar.				
▪ Estimulo a participación dos alumnos a partir das súas experiencias.				
▪ Comunico a finalidade dos aprendizaxes, a súa importancia, utilidade e aplicación na vida real.				
▪ Presento os contidos dando unha visión xeral do tema				
▪ Facilito a adquisición de novos contidos intercalando preguntas aclaratorias, exemplificando..				
▪ Á hora de seleccionar as actividades, teño en conta que existen diferentes tipos de ritmos e intereses.				
▪ Formulo actividades variadas. -Introdución. -Desenvolvemento -Consolidación. -Reforzo. -Ampliación				
▪ Nas actividades que propoño hai equilibrio entre as actividades individuais e as actividades grupais				
▪ Á hora de constituír grupos reducidos , teño en conta os seguintes criterios: ▪ Fágoo a sorteo. ▪ Fago os grupos por niveis. ▪ Fago grupos nos que os seus membros teñen distintos niveis				
▪ Á hora de realizar as actividades teño en conta as “dinámicas cooperativas2				
▪ Emprego técnicas metodolóxicas variadas: expositiva, investigadora				
▪ Emprego medios técnicos audiovisuais.				
▪ Emprego recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos...) tanto para a presentación dos contidos como para a práctica dos alumnos.				
▪ Comprobo que os alumnos comprenden a tarefa que teñen que realizar: facendo preguntas, estimulando a que verbalicen o proceso durante a realización das tarefas.				
▪ Facilito estratexias de aprendizaxe: como buscar fontes de información, pasos para resolver cuestións..				
▪ Reviso e corrijo frecuentemente as actividades				

propostas na clase e para a casa.				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Proporciona información o alumnado sobre a execución das tarefas e como melloralas. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ No caso de que os logros acadados polo alumnado sexan insuficientes, propoño novas actividades que faciliten a súa adquisición. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ No caso de que os logros acadados sexan suficientemente acadados nun breve período de tempo, propoño novas actividades que faciliten un maior grao de adquisición. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Propoño actividades que posibiliten acadar distintos graos de execución 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Adopto medidas de apoio para o alumnado que presenta desfase curricular ou dificultades de aprendizaxe. 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coordínome coa profesora de apoio para a adecuación de contidos, actividades, metodoloxía, recursos e adaptalos os alumnos con dificultades 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Teño en consideración as orientacións do departamento de orientación na adopción de medidas a adoptar co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. 				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

- CUESTIONARIO SOBRE A AVALIACIÓN

SOBRE A AVALIACIÓN	1	2	3	4
<ul style="list-style-type: none"> • Participo activamente nas sesións de avaliación, á hora de tomar decisións colexiadas no tocante a: • Promoción do alumnado. • Adopción de medidas de atención á diversidade. • Elaboración do Consello orientador. 				
<ul style="list-style-type: none"> • Teño en conta o procedemento xeral de avaliación en relación co establecido na programación 				
<ul style="list-style-type: none"> • Realizo unha avaliación inicial a comezo de curso, o comezo de cada unidade didáctica. 				
<ul style="list-style-type: none"> • Establezo criterios obxectivos para avaliar o aprendizaxe do alumnado 				
<ul style="list-style-type: none"> • O alumnado coñece os criterios de avaliación e de cualificación que se empregan 				
<ul style="list-style-type: none"> • O avaliar unha actividade en equipo, ademais da cualificación global, cada membro do grupo obtén outra individual que é reflexo da súa contribución persoal. 				
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizo diferentes rexistros de recollida de datos. <ul style="list-style-type: none"> - Listas de control. - Escalas de valoración. - Anecdario. - Diarios de clase. 				
<ul style="list-style-type: none"> • Emprego diferentes procedementos e instrumentos de avaliación: • Coherentes cos estándares de aprendizaxe . • Adaptados a diversidade dos alumnos. • Diferentes según os contidos tratados 				
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizo diferentes medios para informar as familias, ó profesorado e o alumnado dos resultados da avaliación 				
<ul style="list-style-type: none"> • Emprego a autoavaliación do alumnado 				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).

- CUESTIONARIO PARA O ALUMNADO

INDICADORES	1	2	3	4
▪ Fago con regularidade as tarefas propostas polo profesorado.				
▪ Entrego os traballos según as indicacións dadas polo profesorado e na data acordada.				
▪ Participo activamente (aporto ideas, axudo a resolver problemas, realizo a miña parte do traballo) nos traballos propostos en equipo.				
▪ Pregúntolle o profesorado as dúbidas.				
▪ Solicito a axuda e a aprobación frecuente do profesorado.				
▪ Estou satisfeito do meu traballo.				
▪ As cualificacións obtidas reflicten o meu esforzo e traballo.				
▪ Asisto regularme a clase.				
▪ Teño frecuentemente faltas de puntualidade.				
▪ Xustifico os meus retrasos e faltas de asistencia o/a titor/-a.				
▪ Preocúpome por poñerme o día na materia cando falto a clase.				
▪ Adoito unha actitude respectuosa co profesorado.				
▪ Adoito unha actitude respectuosa co alumnado.				
▪ Asumo responsabilidades.				
▪ Teño unha actitude positiva cara o estudo.				
▪ O que aprendo nunha materia aplícoo e relaciónoo con outras.				

Código: 1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre)

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Debido ao carácter interrelacional do proceso de ensino-aprendizaxe, o profesor de Relixión tamén deberá revisar continuamente a súa labor docente na medida que os resultados acadados non respondan ás previsións. A avaliación, polo tanto, afecta a todos os implicados no proceso educativo no cal se dan relacións humanas recíprocas que serán máis enriquecedoras na medida en que todos os suxeitos aporten o mellor de si mesmos.

O profesor avaliará os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente en relación co logro os obxectivos do currículo, e tamén en relación ás necesidades educativas do centro e ás características específicas dos alumnos.

Os resultados da avaliación da aprendizaxe dos/as alumnos/as e do proceso de ensinanza, servirán para modificar aqueles aspectos da programación educativa e do proxecto curricular que se detectaron como pouco axeitados ás características dos alumnos/as e ao contexto do centro.

Para levar a cabo o seguimento do desenvolvemento da programación didáctica, así como o seu rendemento e a súa posterior revisión e adaptación caso de seren detectados desaxustes, este departamento de Relixión empregará as seguintes ferramentas e procedementos na medida que se revelen necesarios:

- Reunións do departamento e das coordinacións de curso e nivel.
- Enquisas de autoavaliación do alumnado.
- Enquisas de autoavaliación do profesorado.
- Guías de análise.
- Enquisas ao alumnado e ao profesorado.

A asignatura de Relixión conta con tan só unha hora semanal en tódolos cursos. Tense dado o caso de non ter clase, algún curso, durante dúas semanas por coincidir con saídas extraescolares, actividades propostas polo centro, ou día non lectivo.

Estas circunstancias obrigan a revisar a programación e adaptar a temporalización ó tempo real co que se conta.

No contexto de cada clase a necesidade de adaptarnos ó ritmo de aprendizaxe dos alumnos será outra circunstancia a ter en conta para revisar a programación.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR.

A materia de Relixión participará activamente no Plan Lector do propio centro coa dinámica que se estableza para este curso, así como nas actividades propostas polo equipo da Biblioteca e PLAMBE.

De non coincidir o horario establecido do Plan Lector con algunha clase desta materia adicarase, en cada grupo, o tempo que fora preciso na lectura e traballo de textos para que os nosos alumnos acaden gusto pola lectura facendo dela unha rutina diaria na que atopen entretenemento intelectual e formativo.

Como accións máis destacadas teremos en conta:

Lectura en voz alta de xeito rotatorio e participativo dos alumnos dunha parte de calquera unidade didáctica que corresponda explicar.

Exercicios e prácticas de comprensión lectora da Biblia e dos seus xéneros literarios con textos axeitados que motiven aos alumnos a ler con agrado, lectura de biografías de personaxes fundamentais do cristianismo e da humanidade, lecturas de Encíclicas, lectura sobre unha selección de temas de actualidade, textos sinodais, preguntas sobre o lido, extracción da idea principal, realización de exposicións escritas do texto traballado, resumos, esquemas, utilización de enciclopedias, dicionarios, periódicos. Todo iso axeitadamente á idade e capacidades dos alumnos.

Lecturas e exposicións de ideas e opinións persoais así como interpretación de murais e traballos realizados polos alumnos e que contribúen ao desenvolvemento da expresión escrita e oral.

Os exemplares da Biblia e demais libros que se usen serán do Departamento de Relixión ou da Biblioteca do Centro polo que non é necesario que os alumnos os merquen.

TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC

A área de Relixión integra a utilización das TIC como instrumento de traballo intelectual:

- Habilidades para buscar información e transformala en coñecemento
- Capacidade para analizar, organizar e relacionar a información
- O uso das TIC vese reforzado pola aplicación dos diversos contidos da área
- Destrezas que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes
- Presentación de traballos monográficos utilizando os recursos que facilitan as TIC

Dende a área de Relixión contribuímos ao logro destes obxectivos mediante a realización de diversas actividades cos nosos alumnos, aínda que nos atopamos ás veces coas limitacións da falta de infraestruturas abondas no centro. Entre outros, os nosos obxectivos son:

- Contribuír a que os nosos alumnos aprendan a utilizar correctamente Internet.
- Intentar que os nosos alumnos participen en foros relacionados coa materia.
- Dar a coñecer e invitalos a utilizar páxinas Web relacionadas coa materia.
- Obter, interpretar, elaborar e valorar a información de diversos tipos e opinións a través de Internet.

ACTIVIDADES DE REFORZO E RECUPERACIÓN DE PENDENTES

Ós alumnos que non teñan superado a materia dun curso anterior se lles entregará uns exercicios de recuperación:

- En cada avaliación, daráselles un caderniño de actividades tendo en conta os contidos mínimos.
- Contarán co material preciso e axuda persoal para resolver as dúbidas.
- Ás entregas dos cadernos por parte dos alumnos serán en novembro, febreiro e maio.
- Todo alumno que non recupere ou non entregue os caderniños fará unha proba final no mes de maio.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

O libro de texto adquirese mediante as axudas do vale, departamento de Relixión ou ANPA.

1º ESO.

Religión Católica
Valero Crespo Marco
Edit. ANAYA

2º ESO.

Religión Católica
Valero Crespo Marco

Edit. ANAYA

3º ESO.

Relixión Católica

Valero Crespo Marco

Edit. ANAYA

4º ESO.

Relixión Católica

Valero Crespo Marco

Edit. ANAYA

Bacharelato

Non hai libro de texto.

Outros materiais e recursos didácticos:

- * Materiais do repositorio Abalar.
- * Libro dixital coa pizarra dixital.
- * Fichas das carpetas de recursos do Departamento.
- * Biblia, atlas bíblicos e mapas
- * Documentos da Igrexa Católica (Encíclicas, Concilio Vaticano II, etc.)
- * Revistas, diarios, información do Terceiro Mundo.
- * Comentarios de texto (especialmente para 1º Bacharelato).
- * Videoteca e bibliografía da Biblioteca do Instituto.
- * Blogs de aula e de alumnos. Wikis.
- * Exposición en paneis, murais.
- * Diversos recursos lúdico-relixiosos tanto en papel como na Rede.
- * Cancións e actividades musicais.
- * Xogos e dinámicas grupais.
- * Presentacións en Power-Point, Prezi e noutros recursos on-line.
- * Exercicios de valores.
- * Aula virtual e web do propio Centro.

PROGRAMACIÓN DE TEMAS TRANSVERSAIS

O sistema educativo debe recoller e potenciar os valores que require vivir en sociedade como persoas libres, iguais e responsables.

A clase de relixión asume estes valores e os fundamenta dende unha perspectiva relixiosa e cristiá, para axudar ós alumnos e alumnas a tomar conciencia da súa propia dignidade humana, aprender a relacionarse a e respectar ós demais, adestrarse na convivencia pacífica e solidaria e adquirir compromisos de

colaboración na construción da sociedade.

Na programación de relixión van integradas as ensinanzas transversais como contidos que atravesan o currículo de forma permanente e protagonizan en gran medida o proceso de ensinanza-aprendizaxe á vez que desenvolven aspectos concretos destes.

Son contidos transversais:

- Educación moral e cívica
- Educación para a paz e a convivencia
- Educación para a saúde
- Educación para a igualdade dos sexos
- Educación ambiental
- Educación sexual
- Educación do consumidor
- Educación vial

RELACIÓN COAS DEMAIS ÁREAS:

Por ser a Relixión Católica un elemento esencial na busca de respostas ós interrogantes que o ser humano se fixo ó longo da historia e, por ser un ineludible feito cultural, a relixión ten unha gran relación con calquera das áreas que o alumno/a debe estudar.

Deste xeito, na área de Relixión e Moral Católica establécese unha relación interdisciplinaria con outras áreas do currículo: Ciencias Sociais, Xeografía e Historia; Ciencias da Natureza; Música; Educación Plástica e Visual; Matemáticas; Tecnoloxía; Cultura Clásica; Ética e Lingua e Literatura, Filosofía, etc.

- **Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.** A análise da realidade histórica, xeográfica, social, económica, cultural ou política é imprescindible para coñecer e entender como xurdiron, como se desenvolveron e como se expresaron as diferentes relixións ó longo da historia.
- **Ciencias da Natureza.** O medio físico natural constitúe o contorno co que se interrelaciona o ser humano e a fonte de onde este pode extraer experiencias para ir construíndo o coñecemento científico. Para a relixión, este coñecemento é de grande importancia de cara a comprender a vida humana e orientala desde uns criterios cristiáns. Entre a fe e a ciencia existe unha complementariedade.
- **Música.** A música foi e é, na Igrexa e na historia das relixións, un dos elementos importantes de transmisión da mensaxe relixiosa: himnos, cantos...
- **Educación Plástica e Visual.** A través da arte, das imaxes (pintura, escultura...), o alumno/a aprende a comprender e a valorar o patrimonio cultural e artístico universal, o que lle permite estruturar e sistematizar os contidos da fe, especialmente da católica.

- **Matemáticas.** Na análise da realidade están presentes os razoamentos lóxicos achegados desde as Matemáticas. Esta materia facilita as claves necesarias para a regulación de prácticas sociais concretas na repartición dos bens. A relixión, a partir desta análise, orienta a moral do crente e dálle claves cristiás para que a xustiza e a equidade se vaian facendo realidade.
- **Tecnoloxía.** A través do desenvolvemento da sociedade ábrese unha nova etapa cultural na que a tecnoloxía ten unha grande influencia en diversos aspectos da vida humana: condicións de vida, costumes da sociedade... A relixión debe situarse nesa realidade e debe adaptar a mensaxe relixiosa ás novas condicións de vida e costumes, e valorar a técnica como medio transmisor importante.
- **Cultura Clásica.** Mediante o estudo da Cultura Clásica, sitúase ó alumno/a no contorno no que se desenvolveron as grandes relixións.
- **Ética.** É un dos campos cos que a relixión ten maior conexión. A ética analiza a moral humana desde o punto de vista da racionalidade crítica; a relixión faino desde uns valores e desde unha moral que xorde desde o seu sentido relixioso. A través desta moral adquírense uns criterios e valores e uns comportamentos determinados que comprometen o crente na construción dunha sociedade máis xusta e máis humana, segundo o querer de Deus.
- **Lingua e Literatura.** A lingua interioriza e expresa as representacións culturais dunha sociedade. Considerada tamén como ferramenta de comunicación, ten unha importante dimensión social. A relixión, a través desta comunicación, expresa as súas vivencias e crenzas e descobre a mensaxe relixiosa que, por medio da Literatura, chegou a nós, en especial a mensaxe que está presente na Biblia, Palabra de Deus, comunicación de Deus co ser humano.
- **Filosofía.** É un dos campos cos que a relixión ten maior conexión. A filosofía pretende dar unha resposta ó sentido da vida desde o punto de vista da racionalidade crítica; a relixión desde a verdade revelada. Entre a fe e a razón non existe oposición, senón complementariedade. A crítica filosófica das relixións e da fe cristiá, e os humanismos cristiáns do século XX, son dous aspectos fundamentais da interrelación entre ambas as materias.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ó inicio do curso, a avaliación inicial, facilitará o coñecemento de cada caso e a necesidade dunha atención específica.

Terase en conta o nivel de habilidades dos alumnos/as, seus ritmos de aprendizaxe, posibilidades de atención... e, en función destes, adaptarémonos ós

distintos momentos do proceso de ensinanza-aprendizaxe (motivación, contidos, actividades).

No contexto concreto de cada clase, seleccionárase qué contidos deben ser traballados e cales non. Busca de materiais axeitados ó nivel que presenta o alumno/a, ou elaboración dos mesmos.

Para facilitar a actividade dos alumnos, os exercicios alternaranse con variedade de técnicas de traballo que desenvolvan a súa capacidade intelectual e destreza manual e axuden a conquistar o resultado que se pretende en cada caso: exercicios de vocabulario, sopas de letras, crucigramas, cómics, utilización da informática para a busca de información ...

Os obxectivos destas actividades son: atender correctamente á diversidade, profundizar nos contidos e potenciar a adquisición de novos coñecementos.

En todo momento coordinárase coa profesora de apoio, e departamento de orientación para modificar e ou adaptar metodoloxía, contidos, actividades, recursos... ós diferentes ritmos e posibilidades de aprendizaxe.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

1ª avaliación:

- Día dos DD do Neno
- Día dos DD. HH.
- Nadal

2ª avaliación:

- Día escolar pola Paz e a non violencia
- Día da muller.

3ª avaliación:

- Día do libro

Colaborar coas actividades programadas polo equipo da biblioteca, equipo de normalización, polo centro ou por outros departamentos.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.

Na contribución ó Plan de convivencia esta materia de relixión católica ten moitísimo que aportar desde os valores que promove.

En todo momento seguirá as pautas do Plan de Convivencia do Centro así como as indicacións do Departamento de Orientación e das Titorías.

Independentemente diso traballará constantemente aspectos propios da educación para a Paz, o respecto da Natureza, a solidariedade e todos aqueles indicadores xa reflectidos na programación de valores.

As accións:

- ~ Asistencia puntual e diaria ás clases.
- ~ Asistencia ó Centro cos materiais necesarios para as clases.
- ~ Respecto para as persoas que teñen crenzas distintas.
- ~ Diálogo cos que pensan de xeito diverso.
- ~ Colaboración para a realización das tarefas propostas polo profesorado.
- ~ Colaboración para a modificación da conduta do alumno ou alumna e seguimento nos cambios que se produzan.
- ~ Rexeitamento pacífico de todo tipo de violencia.
- ~ escoitar para entender.
- ~ Compartir cos demais.
- ~ Respecto ós compañeiros e a todo o persoal do Centro.
- ~ Non permisión de actitudes racistas nin sexistas.
- ~ Moderación consumista e coidado da hixiene persoal.

Departamento de Relixión Católica
IES. Fernando Esquíó
Curso 2022/2023

Montserrat Rodríguez Polo